

BRAZ TEIXEIRA, António; NATÁRIO, Maria Celeste; CUNHA, Jorge; EPIFÂNIO, Renato (coords.): *Sobre a saudade. VI Colóquio Luso-Galaico: em homenagem a Andrés Torres Queiruga*, Zéfiro, Sintra, 2018, 296p.

Durante os días 24, 25 e 26 de maio de 2018, en Lisboa, Porto e Vigo respectivamente, e promovido polo Instituto de Filosofía Luso-Brasileira, celebrouse o *VI Colóquio Luso-Galaico sobre a saudade*, nesta ocasión en homenaxe a Andrés Torres Queiruga. A organización contou coa colaboración do Instituto de Filosofía da Universidade do Porto, a Universidade Católica Portuguesa (Centro de Estudos de Filosofía), o Centro Portugués de Vigo e a Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. As actas recollen as intervencións que sobre a experiencia e concepto de saudade realizaron vinte e dous especialistas.

A figura homenaxeada, Andrés Torres Queiruga, teólogo, filósofo, membro da Real Academia Galega, profesor da Universidade de Santiago de Compostela, fundador da revista *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, é autor do primeiro relatorio: “De camiño na saudade: «*Itinerarium Cordis In Deum*»”. Relata e describe as tres etapas do seu itinerario de estudo da saudade: especificación do seu estatuto filosófico, radicalidade ontolóxica, realización teolóxica. Na especificación do significado da saudade (clarificación do significado, clasificación de modalidades, xerarquización entre elas, tensións e íntima constitución da saudade), Torres declara fundamentais o uso das ferramentas conceptuais da fenomenoloxía e o recurso ao filósofo Paul Ricoeur. Este primeiro paso do itinerario posibilitalle transitar das saudades á Saudade. A segunda etapa, nomeada como radicalización ontolóxica, logra deitar luz, con fineza filosófica, sobre

---

Recibido: 02/01/2021. Aceptado: 04/01/2021.

tres problemas: o lugar da radicación última da saudade (a inocencia do sentimento non tocada pola opción existencial nin polas decisións da liberdade); o estatuto epistemolóxico da súa manifestación plural (a angustia e a esperanza como conceptos posteriores á noción Saudade); o carácter da súa apertura ao absoluto (na saudade reside o pulo mais íntimo e se marca a dirección máis verdadeira da existencia humana, abríndose orixinariamente sobre un absoluto de carácter positivo coa promesa aberta dunha felicidade posible). A terceira etapa do itinerario de Torres é a realización teolóxica: “a relixión consiste dalgún modo en poñer a Deus na orixe e no destino último da Saudade” (p. 16). O autor fai interesantes suxestións nos seus comentarios dos Salmos (a saudade de Deus como cumprimento das saudades humanas), Santo Agostiño de Hipona (o esforzo da reflexión no asombro do sentimento ou “douta saudade”), San Juan de la Cruz (a ausencia na presenza), Rosalía de Castro (presenza na ausencia).

A primeira parte das actas, titulada “Homenagem a Andrés Torres Queiruga”, recompila sete relatorios dedicados á figura homenaxeada e ás súas reflexións sobre a saudade.

Jorge Cunha (“Pensar a saudade pela via da imanência: en honra de Andrés Torres Queiruga”) busca acompañar o labor de Torres en favor dun pensamento crítico sobre a saudade. Afonda en dous problemas (a recepción da saudade, a dificultade dunha teoloxía da saudade non-representativa) e propón un complemento (anteponer o elemento afectivo á representación, seguir o ronsel da fenomenoloxía non intencional de Michel Henry). Unha teoloxía da saudade tería que ir pola perspectiva pneumatolóxica, da man dunha recreación da erótica carnal e fraterna, isto é, redentora e comunicadora, aberta a todas as persoas.

José Pedro Angélico (“Radicação e fronteira: o estatuto pré-ontolóxico da saudade – Aproximación à Filosofia da saudade de Andrés Torres Queiruga”) fai un amplo e documentado repaso dos referentes filosóficos e culturais do pensamento de Torres. Tamén explica polo miúdo os fitos conceptuais que encadran a súa filosofía da saudade: sentimento e sintonía; angustia e esperanza; ser e religación; radicación e abertura; inmanencia e transcendencia. A bipolaridade constitutiva da saudade (angustia e esperanza, abismo da frustración e consumación da plenitude, negra sombra e luz divina) está revestida dun carácter pre-ontolóxico. Constitúe un espazo raiano e/ou fronteirizo cuxa función é mediar entre o inmanente e o transcendente.

Luis G. Soto (“Sobre Andrés Torres Queiruga e a saudade”) fai un retrato elocuente e persoal dalgunhas actividades de Torres: docente e

investigador (profesor e compañeiro na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela); académico e intelectual (escritor e activista na defensa e difusión da cultura e lingua galegas); cristián comprometido (fundador e director da revista *Encrucillada*); filósofo (pensador da saudade). O autor apunta que, contemplada desde a ética, a concepción da saudade de Torres posibilita tres derivacións para o debate: saudade como responsabilidade; saudade como matriz, inicio e termo dun espazo/relación interpersonal; saudade como encontro/recoñecemento do outro a partir do malestar de si propio.

Marcelino Agís Villaverde (“Filosofía e saudade. A propósito de Andrés Torres Queiruga”) elabora un percorrido histórico e panorámico da obra de Torres. Vindica o seu carácter filosófico (ademais de teolóxico), sitúa o seu pensamento e figura no ronsel da Xeración Nós e a Xeración Galaxia, mostra os seus vínculos coa filosofía europea (nomeadamente Paul Ricoeur), amosa a orixinalidade da súa reflexión sobre a saudade (en diálogo con pensadores da tradición galega e portuguesa), revela a súa capacidade para conectar o tema saudade con Ángel Amor Ruibal, Xavier Zubiri, Pedro Laín Entralgo, Juan Rof Carballo, filósofos da primeira metade do século xx. Isto fai da obra de Torres un capítulo indispensable da filosofía galega e, tamén, europea.

Miguel Ángel Martínez Quintanar (“Saudade: entre fenómeno e acontecemento – Deriva sobre a saudade a partir da lectura de Andrés Torres Queiruga”) propón e explica catro regras que Torres emprega no seu tratamento filosófico da saudade: loitar contra o reduccionismo (psicolóxico, sociolóxico, político) dos problemas; formular o problema e resolvelo con conceptos filosóficos; construír o plano no que desenvolver o problema e os seus conceptos; probar a validez da formulación filosófica. Cada regra revela unha achega á saudade: fenómeno universal; problema e concepto filosófico; plano transcendental; proba, respectivamente.

Renato Epifânio (“Repensando o ateísmo: entre Andrés Torres Queiruga e José Marinho”) estuda o punto de converxencia entre Torres e Marinho no relativo ao ateísmo en tanto expresión da modernidade. Para ambos os dous pensadores o sentido e valor do ateísmo procede do cristianismo do que deriva. Por outras palabras, o cristianismo tende a crear as condicións de posibilidade dunha concepción atea do mundo. Inclusive máis: o ateísmo, a pasaxe polo ateísmo, podería chegar a pensarse como o expurgo histórico necesario para refacer a relación con Deus.

Rocío Carolo Tosar (“O carácter ontolóxico da saudade: Ramón Piñeiro e Andrés Torres Queiruga”) repasa a concepción da saudade de Ramón

Piñeiro a partir do cotexo da súa obra publicada con algúns dos manuscritos sitos na Fundación Penzol de Vigo. Neste repaso acha puntos de continuidade entre a concepción ontolóxica de Piñeiro e a de Torres.

A segunda parte das actas, titulada “Sobre a Saudade”, contén estudos con varios enfoques e temáticas.

António Braz Teixeira (“Expressão e sentido da saudade na poesia angolana e moçambicana da Geração de 1985”) repasa diversas obras poéticas de Angola e Mozambique, e como dan feitura ao fenómeno e sentimento da saudade. De Angola proceden os poetas: Maria Alexandre Dáskalos (saudade como amor, da familia, do pai, mais tamén como recusa da súa dimensión metafísica e ontolóxica); João Melo (saudade como memoria); E. Bonavena (saudade da ausencia da muller amada, forza creadora e proxectiva da lembranza saudosa); Lopito Feijó (saudade en asociación con elementos telúricos). De Mozambique: Eduardo White (saudade como memoria, mais, tamén, acción intensa); Mia Couto (saudade metafísica).

Alexandre Teixeira Mendes (“Do exílio da palavra e da pronunciaçã que não cessa: o *entre-dito* da saudade nos escritos de Dalila Pereira da Costa e António Telmo”) aporta un conxunto de reflexións intencionadamente asistemáticas sobre Dalila Pereira e António Telmo, no marco da tradición metafísica e especulativa do esoterismo e a cábala. Os vínculos e as referencias cruzadas conducen a descifrar a saudade como saudade do Paraíso (inclusive nas formas de expresión cotiás), *daimon*, sentimento que eterniza o lugar no tempo. O autor repensa a natureza primordial e esencial da saudade entre unha teleoloxía escatolóxica e un saudosismo óntico-existencial. Así, Dalila Pereira e António Telmo esbozan unha teoría da saudade con semellanzas coas nocións de reintegración-restauración (*apokatastasis*) e exilio (*galut*) – redención (*gueulá*). Amor e saudade son manifestacións do que a anxeoloxía hebraica designa como Shekinah e Metraton.

Fernando J. Ponte Hernando (“A saudade no pensamento e na obra de D. Roberto Nóvoa Santos”) repasa a obra de Roberto Nóvoa Santos (A Coruña 1885 – Santiago de Compostela 1933), médico e catedrático de Patoloxía Xeral na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela (1912) e na Universidade de Madrid (1928). Pon de manifesto a recorrencia dun tema da súa preocupación: a saudade vinculada á intención creadora da morte, que invita a devolver á terra todo o que as persoas recibiron dela.

Joaquim Pinto (“A saudade como protensão dos actos totais ou supervivência de experiéncias sagradas”) desenvolve unha reflexión sobre a cuestión do inmanentismo saudosista vinculado ao seu movemento de

espiritualización no humano. A polaridade do movemento saudoso establécese entre a inmanencia, que dá realidade e sentido interior en cada persoa ao acontecer do espírito, e a transcendencia, que posibilita a experiencia hierofántica. A saudade, individual ou colectiva, consiste na celebración e supervivencia dun absoluto cuxa forza emana do profundo sentir e autonomía espiritual de ser e vir a ser. A saudade fai presente o absoluto de ser en acto.

José Almeida (“Saudosismo e messianismo: aspectos do mito em Fernando Pessoa”) repasa e expón dúas lecturas opostas sobre Pessoa (Brunello Natale de Cusatis e Onésimo Teotónio de Almeida). Salienta a importancia do misticismo mítico de natureza relixiosa, atávica e popular, no que o mito opera con forza inequívoca sobre o inconsciente colectivo. Esoterismo e mitoxenia son partes integrantes do realismo político de Pessoa, no que o mito, como forza xenesiaca, acrisola a identidade política, cultural e espiritual de Portugal. O mergullo no mito, nos arquetipos e mitoloxemas, permite restaurar o espírito nacional portugués e a súa singular *paideia*.

Lígia Rocha (“Lima de Freitas: tradição e modernidade – Querelas sobre a saudade”) repasa e interpreta a obra plástica do pintor Lima de Freitas (Setúbal 1927 – Lisboa 1998). Analiza algunhas pinturas e emprega textos do propio autor. Neorrealismo (até os anos 50), surrealismo de matriz expresionista (anos 50 e 60), realismo fantástico (anos 70 e 80), mitolusismos (a partir de 1984), paisaxes visionarias (despois dos anos 80), son varias das etapas que invitan á reflexión sobre a saudade en tanto que: arquetipo (o imposible); distancia (partida, chegada); esperanza (salvación); fe ou crenza (no divino); amor (eternidade); misión (camiño).

Manuel Curado (“A medicina da saudade em José Feliciano de Castilho 1810-1879”) estuda a tese de doutoramento do médico José Feliciano de Castilho Barreto e Noronha (Lisboa, 4 de marzo de 1810 – Rio de Janeiro, 11 de marzo de 1879) titulada *Dissertation sur la nostalgie* e presentada na Facultade de Medicina de Paris no día 24 de agosto de 1831. O autor expón as fontes, nosografía, explicación e medios de curación que Castilho proporciona para unha nostalxia contemplada como padecemento patolóxico.

Maria Celeste Natário (“Teixeira de Pascoaes, *O Doido e a Morte*: uma viagem, uma transmutação”) explora as diversas travesías e pasaxes da figura do home na súa relación, exposición e ser para a morte na obra *O Doido e a Morte* (1913) do poeta Teixeira de Pascoaes. O fío condutor da dupla transmutación da morte e do home é o amor, que ven sendo, ao cabo, a saudade.

Maria Dovigo (“Ernesto Guerra da Cal: exílio e saudade”) presenta o motivo da saudade na poesía do profesor e poeta Guerra da Cal

(Ferrol 1911 – Lisboa 1994) ligado ás súas vivencias do exilio, da viaxe e do fundamento espiritual común a Galiza e Portugal. A autora subliña que no contexto de reintegración lingüística, literaria e espiritual é onde debe entenderse o significado da saudade en tres poemarios. No primeiro, *Lua de além-mar* (1959), saudade é ansia de abranguer todo. En *Rio de Sonho e Tempo* (1963), saudade é memoria que dá vida alén do vivido. En *Futuro imemorial (Manual de velhice para principiantes)* (1985), saudade é memoria en metamorfose. Non obstante, hai outra dimensión da saudade presente na súa obra: a pregunta sobre o destino histórico da comunidade na procura dunha historia continua na lingua común.

Nuno Ornelas Martins (“O saudosismo e a economía: sobre o debate entre Teixeira de Pascoaes e António Sérgio”) contextualiza (no pensamento portugués e no contexto histórico-xeográfico) e expón (desde o punto de vista filosófico-conceptual e da metodoloxía en economía), a discusión mantida por Pascoaes e Sérgio nas páxinas da revista *A Águia* entre 1913 e 1914 sobre se o progreso económico portugués é causa do progreso espiritual ou á inversa. O autor expón como ambas as dúas posturas, a primeira, o universalismo internacionalista das teses económicas de Sérgio, e a segunda, o tradicionalismo vinculado á paisaxe e a unha concepción da economía relacionada cos contextos histórico-xeográficos de Pascoaes, entroncan nun debate máis amplo que está a ter lugar na Europa da época. Así, a confrontación non é só un contraste de ideas sobre a función (cultural e/ou económica) do Saudosismo senón, sobre todo, unha comparación entre dúas formas de ver a economía. Nomeadamente, as que se remontan á “Batalla dos métodos” (*Methodenstreit*) que opón a Carl Menger (que concibe a Economía como ciencia exacta con leis universais deducidas da psicoloxía humana) e Gustav von Schmoller (que argumenta, na liña da Escola Histórica Alemá, que a economía só pode ser entendida no seu contexto histórico).

Paulo Borges (“Suydade: experiéncia do sy abyssal e caósmico”) explora como a saudade pode vincular á experiencia do “si” profundo que é “só” non porque está illado ou separado, senón por ser “só o que é”, ou por estar intimamente vinculado ao que “é apenas o que é”, na súa integridade e totalidade. Esta saudade abre a un ámbito maior designado “englobância” no que a experiencia de “incoincidência” e de falta de saudade psicolóxica, tamén ontolóxico-metafísica, se insire e relativiza. A “englobância”, á que a saudade é afín, é o eterno, infinito, increado e non manifestado: espazo informe, baleiro e indiferenciado; matriz oculta da vida e da realidade; fondo sen fondo; fondura non obxectivable. A “suydade” é inherente á

experiencia “abyssal” de si, á experiencia de si como “abysmo”, de si como “sy”. A exploración de Borges pretende transcender a especulación teórica e hermenéutica textual cara a unha práctica de conciencia: o “sy cósmico” no que se articulan tres instancias (o infinito, cero ou baleiro primordial; a plétora das súas ilimitadas posibilidades de manifestación; a singularidade de cada unha delas). A conciencia esperta do seu soño mercé á renovada cosmovisión, cosmosensación e cosmovivencia aportada pola experiencia da “suydade”.

Pedro Martins (“A fenomenología da saudade en Antónío Telmo”) analiza dous textos que, na súa opinión, constitúen partes dun único e mesmo ensaio do filósofo. Para Telmo, a fenomenoloxía da saudade comporta tres momentos distintos, en correspondencia cos graos e os obxectos considerados. O primeiro é tratado no apuntamento de *Viagem a Granada*. Os restantes en “Sobre a Saudade” d’*Aventura Maçónica*. No primeiro momento, “alguén” é obxecto da saudade, debido á relación terrestre do amante coa amada. Amor e saudade son a mesma realidade, mais encarada desde diferentes puntos de vista. Non obstante, o amor do amante pola amada é xa saudade do numinoso (a muller é símbolo no que o misterio se revela). No segundo momento, a saudade é saudade de si, malia que todo poida ser obxecto de saudade (obxectos, sensacións, lugares, momentos). Mais, sobre todo, o propio ser saudoso. A saudade do “outro” dá lugar á saudade do que lle é propiamente esencial ao mesmo. No terceiro momento, a saudade é saudade de nada (mais non do Nada). Saudade e amor son o Absoluto.

Pedro Jacob Morais (“Outras saudades: uma aproximação à obra de Terrence Malick”) descobre no cineasta estadounidense un tratamento da saudade en imaxes fílmicas. Desde o punto de vista estrutural, os seus filmes convocan tres momentos, con frecuencia sobrepostos: configuración do mundo como lugar de alienación, petición, solicitude, no que os presentes xustapostos poden derivar en angustia existencial; nostalxia do pasado, dun vínculo idílico quebrado e perdido que agudiza a angustia por causa da descontinuidade da memoria; perspectiva dun futuro capaz de redimir a angustia presente, un presente-futuro alicerzado na nostalxia dun pasado pacificado e por descubrir. Non obstante, o conflito entre o elemento mesiánico/cristolóxico (portador da salvación) e o elemento dionisiaco/apolíneo (contido no vitalismo), fan das imaxes do seu cinema un punto de encontro paradoxal, e móbil, no que a reminiscencia do pasado e o recordar proxectivo apuntan a unha saudade nova.

Samuel Dimas (“A saudade do paraíso futuro”) traza un suxestivo percorrido de entrecruzamentos esexéticos que poñen en diálogo ao pensador

patrístico Gregorio de Nisa coa filosofía da saudade de Afonso Botelho. O obxectivo é clarexar tres asuntos: a saudade como memoria dunha plenitude futura (non como simple memoria ontolóxica do pasado); a saudade como manifestación cristiá dunha esperanza na plenitude do paraíso futuro (non como caída do paraíso orixinario); a saudade como concepto que cobra sentido en referencia a unha unidade orixinal (non como simple dezo dunha instancia definitivamente perdida). O regreso á orixe, que non é un movemento circular de retorno ao pasado ou á condición edénica e/ou anxélica, é un dinamismo en espiral de regreso redentor ao paraíso futuro na condición escatolóxica do amor reintegrador e plenificador. Saudade é actividade progresiva e transcendente na, e cara á, unidade amorosa e relacional de todos os seres na plenitude da presenza de Deus representada pola imaxe do paraíso celestial.

Miguel Ángel Martínez Quintanar